

NOME DA ACTIVIDADE
--------------------

- **Fala con texto**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE
-------------------------

O docente vai te poñer en parella con outra persoa. Cada un vai dispor dunha ficha onde se explicita un contexto que debes dramatizar utilizando todos os recursos lingüísticos e non lingüísticos de que dispoñedes.

Unha ou dúas das parellas farán unha dramatización ante o grupo para poder analizar os resultados entre todos.

MATERIAIS DA FICHA
--------------------

**Contexto e apoios lingüísticos**

<b>Chegas á oficina e atopas a túa compañeira que ten sobre a mesa unha carta de despido. Intenta acougala e saber que é o que pasou.</b>
---

- |  |
|--|
| - Síntoo moito, ánimo...                 |
| - Non te preocupes, todo se resolverá... |
| - Como foi, tes que aclaralo...          |

<b>Vas saudar unha familia achegada a ti polo finamento dun familiar querido.</b>
---

- |  |
|--|
| - Sentímolo moito...                             |
| - Acompáñote no sentimento...                    |
| - Uns polos outros, hai que tirar para diante... |

<b>Acompañas ao aeroporto unha compañeira que vai traballar ou estudar unha boa tempada fóra, a outro país.</b>
---

- |   |
|---|
| - Boa viaxe e moita sorte...  |
| - Que todo che vaia ben, xa me contarás cando chegues...            |
| - Ten moita conta alí e se necesitas algo xa sabes a onde acudir... |

**Vas á festa dunha amiga porque celebra o seu aniversario.**

- Feliz aniversario, moitas grazas por convidarme...
- Parabéns, desexo que sexan moitos máis...
- Aquí tes o teu regalo espero que che guste e que o aproveites...

**Estás na cola dun comercio e unha persoaponse diante túa sen mediar aviso...**

- Desculpe pero estaba eu diante...
- Ten que perdoar pero esta é a cola, a vostede tócalle despois de min...
- Señor/a, estase a colar, supoño que sen quere-lo, faga o favor de gardar a cola...

**Entras nunha oficina e estás buscando alguén para que te atenda...**

- Ola bo día, estou buscando ao señor/a X; teño unha cita con ela...
- Desculpe, traballa aquí a señora X; podería avisala de que estou aquí...
- Podería pasar a falar coa señora X; quedamos para unha entrevista a esta hora...